

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

13003 Orde AAA/2536/2015, do 30 de novembro, pola que se regulan as artes e as modalidades de pesca marítima e se establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional canario.

O Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, ten como obxectivo fundamental garantir unha explotación sustentable dos recursos pesqueiros vivos e da acuicultura no marco dun desenvolvemento sustentable, tendo en conta de maneira equilibrada os aspectos económicos, ambientais e sociais.

En particular, o artigo 7 regula os tipos de medidas que se poderán levar a cabo, entre os cales figuran o establecemento de obxectivos para a conservación e explotación sustentable das poboacións e as medidas conexas necesarias para minimizar a repercusión da pesca no medio mariño, de tamaños mínimos de referencia para efectos de conservación, da regulación das características das artes de pesca e das normas relativas á súa utilización, de limitacións ou prohibicións na utilización de determinadas artes de pesca e nas actividades de pesca en determinadas zonas ou determinados períodos, así como a obriga de que buques pesqueiros deixen de faenar nunha zona determinada durante un período mínimo establecido.

O Regulamento (CE) n.º 850/98 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños, regulou as dimensións mínimas das mallas das redes de enmalle nas augas comunitarias e, entre elas, as da Rexión 5, na cal se engloba o caladoiro nacional de Canarias. Ademais, establece que os Estados membros riberegos poderán legislar no ámbito territorial da súa aplicación, adoptando medidas complementarias de protección, conservación e xestión sempre que tales medidas sexan unicamente aplicables aos pescadores do Estado membro de que se trate, compatibles co dereito da Unión e conformes coa política pesqueira común.

Así mesmo, o Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, adopta medidas encamiñadas a asegurar o cumprimento de todas as normas integradas nesta política e a súa observancia con carácter global, de conformidade co principio de proporcionalidade e, moi especialmente, coas definicións concretas de cada concepto, arte ou actividade desenvolvida, os principios xerais que deberían rexer o cumprimento das normas no referido ás persoas e aos organismos nos ámbitos xeográficos en que se apliquen e as condicións de concesión e utilización das licenzas e autorizacións outorgadas para o acceso ás augas e explotación dos recursos.

Pola súa parte, a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece entre os seus fins velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros, e así establece no seu artigo 8 que o titular do departamento poderá adoptar medidas de regulación do esforzo pesqueiro, entre as cales se encontra a limitación do tempo de actividade pesqueira. Así mesmo, a referida lei establece no seu artigo 12 que, co obxecto de protexer, conservar e recuperar os recursos pesqueiros, e logo de informe do Instituto Español de Oceanografía, o titular do departamento poderá establecer fondos mínimos, zonas ou períodos de veda nos cales se limite ou se prohíba o exercicio das actividades pesqueiras ou a captura de determinadas especies, así como adoptar aquelas outras medidas que se consideren necesarias.

Por outra banda, unha adecuada xestión das pesqueiras precisa da adopción de certas medidas técnicas. Mediante esta orde preténdese pór fin á dispersión normativa existente, agrupando as distintas medidas técnicas que afecten os distintos segmentos de frota que faenan en augas do caladoiro nacional canario. Con base no principio de simplificación administrativa, convén condensar nunha norma os preceptos que inclúen as diferentes ordes hoxe en vigor respecto das pesqueiras do caladoiro nacional de Canarias.

En efecto, as características do citado caladoiro de Canarias veñen dadas pola súa escasa plataforma insular (dada a súa orixe volcánica) e por presentar augas pouco produtivas (oligotróficas), o que comporta unha baixa produtividade pesqueira demersal e unha alta dependencia da pesqueira de túnidos. A estratexia pesqueira para realizar unha actividade racional e sustentable é, polo tanto, diversificar a actividade o máximo posible para non producir a sobreexplotación de determinados recursos, en especial das especies demersais. Por iso, na xestión do caladoiro de Canarias considérase oportuno permitir a polivalencia de sistemas de pesca.

As modalidades de pesca que se practican con artes menores teñen grande importancia económica e social no litoral de Canarias e afectan un elevado número de embarcacións, a maioría de pequeno porte, cunha notable repercusión sobre os recursos pesqueiros do dito caladoiro. Así mesmo, a pesca de cerco tamén ten unha notable importancia económica e social no arquipélago, cunha relevante repercusión sobre os recursos peláxicos do dito caladoiro. As particulares características da pesca de cerco nas illas Canarias respecto ao resto do caladoiro nacional, así como a necesaria actualización da citada normativa para estas augas, fan aconsellable a adopción de medidas concretas ao respecto. Por último, no caladoiro de Canarias faenan barcos de palangre, polo que é necesario establecer disposicións para regular o exercicio da pesca con esta arte.

Débase destacar que as especies capturadas no caladoiro de Canarias sometidas a regulación de tamaños mínimos, así como os ditos tamaños, están recollidas no anexo III do Real decreto 560/1995, do 7 de abril, polo que se establecen os tamaños mínimos de determinadas especies pesqueiras.

Por último, débese destacar que a aprobación da presente orde supón unha unificación da normativa actualmente vixente nun único instrumento, a cal se leva a cabo tras a derogación do Real decreto 2200/1986, do 19 de setembro, de regulación de artes e modalidades de pesca en augas do caladoiro canario, mediante o Real decreto 1076/2015, do 27 de novembro, polo que se derroga o Real decreto 2200/1986, do 19 de setembro, de regulación de artes e modalidades de pesca en augas do caladoiro canario, e se modifica o Real decreto 560/1995, do 7 de abril, polo que se establecen os tamaños mínimos de determinadas especies pesqueiras, en relación con determinados tamaños mínimos autorizados para o caladoiro de Canarias (publicado no «Boletín Oficial del Estado» do 28 de novembro). O tempo transcorrido desde a promulgación da dita norma fai necesaria a actualización, e a seguridade xurídica aconsella refundir toda a regulación do mencionado caladoiro nun só instrumento.

Esta norma dítase ao abeiro da competencia exclusiva sobre a pesca marítima que posúe o Estado ao abeiro da regra 19ª do artigo 149.1 da Constitución española.

Efectuouse o trámite de comunicación á Comisión Europea previsto no artigo 46 do Regulamento (CE) n.º 850/1998 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.

Na elaboración da presente orde foron consultados o sector pesqueiro e a Comunidade Autónoma de Canarias, así como o Instituto Español de Oceanografía e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto regular o exercicio da pesca que realicen os buques de pavillón español nas augas exteriores do caladoiro nacional de Canarias.

2. As normas contidas na presente orde serán de aplicación aos buques de pavillón español inscritos no Censo da frota pesqueira operativa, censados nas modalidades autorizadas nesta orde para o caladoiro de Canarias.

3. A presente norma non será de aplicación aos buques pertencentes ao Censo unificado de palangre de superficie conforme a Orde AAA/658/2014, que se regularán polo establecido nela na súa actividade en augas exteriores do caladoiro nacional de Canarias.

4. A pesqueira do atún vermello rexerese polo disposto na Orde AAA/642/2013, do 18 de abril, pola que se regula a pesqueira de atún vermello no Atlántico oriental e mediterráneo.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Aparellos de anzol:

a) Liña de man, cordel ou liña: aparello vertical constituído por unha liña madre da que penden brazoladas ou sedelas con anzois (comedeiros). No seu extremo final adoita presentar un lastre que a mantén vertical. A liña pode ser de man e de cana.

b) Liña ou amaño para pesca do alto: liña dirixida a especies demersais profundas. A liña madre é de gran lonxitude e presenta unha chumbada. O número de anzois simples, dobres ou triplos oscila entre 1 e 30.

c) *Puyón*: liña curta de man, provista dun anzol e lastrada, utilizado por un ou máis pescadores profesionais, que operan nadando, a pulmón libre, na superficie da auga nas proximidades da embarcación pesqueira.

d) Cana: utensilio de pesca que facilita o uso da sedela. Presenta moitas variantes en función da modalidade de pesca que se vai realizar, especies obxectivo (superficie ou fondo), profundidade, etc. Pódense usar con boia ou con carrete (manual, eléctrico, hidráulico). Entre outras, destacan as canas para túnidos (de distinta lonxitude e material) e a cana para papagaio vello (*Sparisoma cretense*).

e) Corricán ou corrica: aparello horizontal constituído por unha liña madre remolcada por unha embarcación que navega á velocidade apropiada para a especie que se vai capturar. No seu extremo dispóñense anzois unidos a engados artificiais ou naturais. Os aparellos ou corricáns van armados sobre canas ou tangóns ou manéxanse á man.

f) Palangre de fondo: aparello de anzol, fixo ao fondo, que consta dunha liña madre horizontal de que penden brazoladas verticais, ás cales se empatan os anzois. Nos extremos e ao longo da liña madre van dispostos os necesarios elementos de fondeadura e flotación, que permiten manter os anzois ás profundidades convenientes.

2. Artes de trampa:

a) Nasas: as nasas son artes fixas de fondo, construídas en forma de cesto, barril ou gaiola, compostas por una estrutura metálica revestida de malla biodegradable. Están provistas dunha ou máis aberturas, bocas ou matadoiros de extremos lisos, que permiten a entrada das especies ao habitáculo interior. Ten unha porta para extraer as capturas. As nasas pódense calar individualmente ou mediante un aparello denominado riceiro, tren ou cacea, no cal cada nasa se une a unha relinga chamada madre a intervalos regulares.

b) Tambor para moreas: arte fixa de fondo de forma cilíndrica que ten en ambos os lados unha trampa cónica formada por unhas varetas flexibles, que permite a entrada da morea pero non a saída. Posúe unha porta na parte superior para sacar a captura.

3. Artes de izada: formada por un aro metálico circular, ríxido ou flexible, que soporta unha rede ou armazón metálica ou de fío en forma de bolsa ou saco. A arte colga dun número variable de ventos segundo o seu tamaño. No seu extremo superior estes ventos reúnen-se nun cabo principal que se anoa a unha vareta coa cal se manexa. Localmente recibe distintos nomes como *pandorga*, *gueldera* ou *tarralla*.

4. Artes de enmalle:

a) Trasmallo: arte de enmalle fixa ao fondo, formada por pezas de dous ou tres panos de rede que se arman conxuntamente entre dúas cordas ou relingas. Deles, os dous panos exteriores son de iguais dimensións e do mesmo tamaño de malla e diámetro do fío. O pano interior poderá ser de maior extensión que os anteriores aínda que terá unha malla de tamaño inferior.

b) Volanta, rede de enmalle ou panos: arte de enmalle de forma rectangular formada por un só pano estendido entre dúas relingas que se cala fixo e vertical sobre o fondo.

5. Arte de cerco: rede de forma rectangular cuxos extremos rematan en puños, que circunda cardumes de especies peláxicas dando lugar ao embolsamento do peixe. Distínguense as seguintes artes de cerco:

a) Sardíñal ou traíña: rede de cerco para captura de pequenos peláxicos costeiros como a xarda, o chicharro, a sardíña, a boga e o bocarte. O corpo principal da rede está formado por longos panos rectangulares e delimitado horizontalmente en toda a súa lonxitude por resistentes tiras de rede, que se denominan «cadenetas» de chumbos e de cortizas segundo conecten o corpo da rede coa relinga inferior ou superior, respectivamente.

b) Chinchorro de aire ou hamaca: rede de cerco autorizada para captura de cebo vivo ou morto para a pesca principalmente de grandes e pequenos túnidos, así como pequenos peláxicos. Consiste nun saco de cuxa abertura ou boca parten dúas longas redes máis ou menos rectangulares, que constitúen as súas alas ou mangas, cuxos extremos rematan en calóns de madeira que as unen a cabos de tracción. Todas as partes do chinchorro están compostas de multitude de panos.

c) *Salemera*: variante de rede de cerco destinada principalmente para a captura de sabogas (*Sarpa salpa*) e outras especies como chepa (*Oblada melanura*), boga (*Boops Boops*) ou pampo branco (*Trachinotus ovatus*), suxeita á superficie mediante unha relinga con boías; está dotada dunha *salemera* para accionar o copo ou saco no cal se xunta a captura, e as paredes da arte son verticais ata o fondo.

6. Útiles:

Vara de peto: vara de madeira en cuxo extremo se instala unha punta de gran tamaño en forma de anzol ou arpón curto, e pode ter unha ou varias puntas. Este anzol dispónse mirando á fronte e únese a unha liña ou cordel que permite recobrar a peza ao impactar a vara, rompendo o «falso» que une a liña á vara.

CAPÍTULO II

Artes de pesca

Sección 1.^a Normas comúns

Artigo 3. *Artes de pesca autorizadas no caladoiro nacional de Canarias.*

1. Sen prexuízo do establecido no punto terceiro do artigo 1, as modalidades autorizadas no caladoiro nacional de Canarias serán:

a) Artes menores, que incluírán as seguintes artes de pesca: aparellos de anzol (liña de man, liña ou amaño para pesca do alto, cana, *puyón*, palangre de fondo, corricán ou corrica), artes de trampa (nasas e tambor para moreas), artes de izada (*pandorga*,

gueldera ou *tarralla*), artes de enmalle (trasmallo e volanta), artes de cerco (sardiñal ou traíña, chichorro de aire ou hamaca e *salemera*) e vara de peto.

O uso de artes menores será polivalente para as embarcacións con eslora total menor ou igual a 15 metros, que poden levar a bordo simultaneamente e exercer a actividade con varias artes ou aparellos dos autorizados nesta orde. As embarcacións cunha eslora total maior de 15 metros terán unha limitación á alternancia entre artes de cerco, canas, liñas para túnidos e palangre, só poderán levar a bordo un destes tipos de artes e/ou aparellos ao día, e comunicaranllo previamente e/ou enviaranlle declaración responsable á Área Funcional de Agricultura e Pesca da Delegación do Goberno en Canarias, que poderá levar a cabo as posteriores comprobacións que se consideren necesarias.

b) Atuneiros caneiros que se dedican exclusivamente a esta actividade. Poderán utilizar canas e liñas con cebo vivo para túnidos e artes de cerco para a captura de carnada.

2. Prohíbese a tenza a bordo de calquera arte, aparello ou útil de pesca diferente dos enumerados neste artigo para cada modalidade ou daqueles que poida autorizar a normativa autonómica.

Artigo 4. *Prohibicións no exercicio da pesca no caladoiro nacional de Canarias.*

Prohíbese:

a) Calquera forma de pesca de arrastre, tanto se se realiza con arte remolcada por embarcación como se se practica sen embarcación desde a beira.

b) A práctica do «*jigging*», consistente nunha modalidade de pesca desde embarcación segundo a cal se deixan caer libremente ao fondo un ou máis engados chumbados que son recuperados con movementos rítmicos da sedela, ao tempo que se exerce unha acción sincronizada a través das flexións da cana para simular un peixe que foxe erráticamente ata a superficie.

c) Cando se utilice o corricán ou corrica, prohíbese o uso de depresores que permitan que o aparello pesque polo fondo.

As prohibicións recollidas nas alíneas b) e c) afectarán tamén a práctica da pesca recreativa.

Sección 2.^a Artes menores

Artigo 5. *Clasificación das artes menores.*

As artes de pesca incluídas na modalidade de artes menores poderán ser:

a) De regulación rexional: as súas características e normas de uso serán as mesmas en todo o caladoiro. Inclúense todos os aparellos de anzol (liña, amaño para pesca do alto, cana, palangre de fondo e *puyón*), as artes de cerco (chichorro, traíña e sardiñal) e as artes de izada (*pandorga*, *gueldera* ou *tarralla*).

b) De regulación insular: as súas características e normas de uso poderán adaptarse e ter especificidades propias de cada illa, e as súas características regularanse nesta orde, de ser o caso. Inclúense as artes de trampa (nasas e tambores para morea), as artes de enmalle (trasmallos e volanta) e vara de peto.

Artigo 6. *Esfuerzo pesqueiro exercido.*

En ningún caso poderá aumentarse o esforzo pesqueiro que se exerce mediante a actividade de artes menores, medido tanto en arqueo como en potencia motriz.

Artigo 7. *Potencia e eslora máxima das embarcacións de artes menores.*

1. A potencia máxima dos motores das embarcacións de artes menores será de 350 CV. Estas embarcacións non poderán superar os 18 metros de eslora total, excepto as que figuran no anexo IV.

Esta eslora total e potencia non se exixirán para os atuneiros caneiros que cambien de modalidade a artes menores.

2. As embarcacións de nova construción, destinadas a exercer a pesca con artes menores, deberán ter un mínimo de 5 metros de eslora total e un arqueo mínimo de 1,5 GT.

Sección 3.^a *Artes de cerco*

Artigo 8. *Características técnicas das artes de cerco.*

As artes de cerco terán as seguintes características:

a) Sardiñal ou traíña: terá unha luz de malla mínima de 10 milímetros. As súas dimensións máximas serán de 350 metros de lonxitude, sen incluír calóns e puños, e 80 metros de altura.

b) Chinchorro de aire ou hamaca: terá unha luz de malla mínima de 10 milímetros. As súas dimensións máximas serán de 125 metros de alas, 18 metros de copo e unha altura máxima de 100 metros.

c) *Salemera*: a súa lonxitude total non poderá ser superior a 250 metros e a altura máxima de 100 metros. A luz de malla non poderá ser inferior a 70 milímetros. No caso de El Hierro, o copo poderá ter un mínimo de 25 milímetros e o resto da rede axustarase aos 70 milímetros de luz de malla.

Artigo 9. *Especies autorizadas para pescar coas artes de cerco.*

1. Especies principais autorizadas para a traíña e hamaca:

- a) Boga (*Boops boops*).
- b) Bocareu ou bocarte (*Engraulis encrasicolus*).
- c) Xardas (*Scomber spp*).
- d) Chicharros ou xurelos (*Trachurus spp*).
- e) Sardiña arencada (*Sardinella maderensis*).
- f) Sardiña de lei ou sardiña (*Sardina pilchardus*).
- g) Sardiña amarela, alacha ou sardiña atlántica (*Sardinella aurita*).
- h) Pampo branco (*Trachinotus ovatus*).
- j) Agulla (*Tylosurus acus* e *Belone belone*).

2. Especies accesorias autorizadas para a traíña:

- a) Zurdo común (*Auxis rochei rochei*).
- b) Anchova (*Pomatomus saltatrix*).
- c) Bicuda, barracuda ou espetón (*Sphyraena viridensis*).
- d) Bonito do Atlántico (*Sarda sarda*).
- e) Peixes limón (*Seriola spp*).

Entenderase por accesorias que as capturas destas especies non superarán máis dun 10% en peso vivo do total das capturas. No caso de Tenerife, e só para os peixes limón, a porcentaxe será do 20% en peso vivo da captura total.

3. Especies principais autorizadas para a *salemera*:

- a) Saboga (*Sarpa salpa*).
- b) Chepa (*Oblada melanura*).
- c) Pampo branco (*Trachinotus ovatus*).

d) Boga (*Boops boops*).

No caso da illa de El Hierro, engádense ás anteriores as seguintes especies principais:

- a) Pancha (*Spondyliosoma cantharus*).
- b) Sargo (*Diplodus sargus cadenati*).
- c) Agulla (*Tylosurus acus* e *Belone belone*).
- d) Muxo cabezudo (*Mugil cephalus*).
- e) Roncador bastardo (*Pomadacys incisus*).

4. Especies accesorias autorizadas para a salemra:

- a) Xurelo (*Pseudocaranx dentex*).
- b) Pancha (*Spondyliosoma cantharus*), salvo para a illa de El Hierro.
- c) Sargo (*Diplodus sargus cadenati*), salvo para a illa de El Hierro.

No caso de Tenerife, engádese como especie accesoria o papagaio vello (*Sparisoma cretense*).

Entenderase por accesorias que as capturas destas especies non suporán máis dun 10% en peso vivo do total das capturas.

5. Especies autorizadas a pescar para o seu emprego como carnada (cebo vivo e/ou morto):

- a) Peixe rei (*Atherina presbyter*).
- b) Boga (*Boops boops*).
- c) Bocareu ou bocarte (*Engraulis encrasicolus*).
- d) Xardas (*Scomber spp*).
- e) Xurelos ou chicharros (*Trachurus spp*).
- f) Sardiña arencada (*Sardinella maderensis*).
- g) Sardiña de lei ou sardiña (*Sardiña pilchardus*).
- h) Sardiña amarela, alacha ou sardiña atlántica (*Sardinella aurita*).
- i) Trompeteiro (*Macroramphosus scolopax*).
- j) Especies de moluscos cefalópodos: lura (*Loligo vulgaris*), polbo (*Octopus vulgaris*) e choco (*Sepia officinalis*).

O peixe rei poderá ser autorizado como cebo vivo e como cebo morto nas pesqueiras de liñas de superficie e fondo en todo o arquipélago, excepto na illa de El Hierro (superficie e fondo), onde só poderá ser empregado como cebo vivo para a pesca de túnidos con canas e liñas.

Artigo 10. *Utilización da carnada como cebo vivo e/ou morto, e como engodo.*

1. No exercicio da actividade pesqueira profesional poderanse capturar exemplares de especies pesqueiras (peixes e moluscos cefalópodos) para a súa utilización exclusiva como carnada (cebo vivo e/ou cebo morto) nos anzois, aparellos e artes autorizadas, e como engodo para atraer o peixe obxecto de captura.

2. Enténdese por «cebo morto» os exemplares de especies pesqueiras e/ou marisqueiras que, unha vez capturados, se manteñan mortos, enteiros ou fragmentados, ben para a súa utilización como carnada nos sistemas de pesca autorizados ou ben como engodo.

3. Enténdese por «cebo vivo» cando os ditos exemplares se manteñan vivos para o seu emprego na pesca cos aparellos e artes autorizados ou liberándoos como engodo.

4. Só se permite o uso de cebo morto, como carnada e engodo, nos seguintes aparellos e artes:

- a) Canas.
- b) Liñas.
- c) Corrica.

5. Só se permite o uso de cebo vivo, como carnada e engodo, de se empregaren os seguintes aparellos:

- a) Canas e liñas para tñidos.
- b) Liñas para fondo e superficie para especies demersais e peláxicas distintas de tñidos.
- c) Corrica.

6. A carnada, para o seu uso como cebo vivo e cebo morto e engodo, poderase capturar con *guedera*, traíña e chinchorro de aire ou hamaca (peixes), cunha luz de malla como mínimo de 10 mm.

7. As embarcacións no poderán utilizar máis dun bote auxiliar para as tarefas de pesca con luz artificial na captura de cebo vivo ou carnada.

8. Pódese conservar o cebo vivo en gaiolas e/ou *pandorgas* fondeadas en lugares costeiros e peiraos, sempre que cumpra coas condicións de uso dos ditos lugares recollidas na correspondente normativa sectorial, contando coas autorizacións necesarias expedidas polas autoridades competentes para usos en tales lugares.

As gaiolas e *pandorgas* estarán debidamente identificadas e reflectirán os datos do buque (nome, matrícula e código de frota operativo) propietario de cada gaiola ou *pandorga*.

9. Queda prohibida a comercialización do cebo, xa sexa vivo ou morto.

10. A actividade pesqueira de cebo vivo queda exceptuada das normas que na presente orde regulan o esforzo pesqueiro, así como do cumprimento das relativas a tamaños mínimos recollidos no Real decreto 560/1995, do 7 de abril, polo que se establecen os tamaños mínimos de determinadas especies pesqueiras, e non se poderán capturar nin ter a bordo especies distintas ás específicas do cebo vivo.

A actividade pesqueira de cebo morto queda exceptuada das normas que nesta orde regulan o esforzo pesqueiro, pero non do cumprimento das relativas a tamaños mínimos recollidos no Real decreto 560/1995, do 7 de abril, polo cal se establecen os tamaños mínimos de determinadas especies pesqueiras, ao non poder capturar nin ter a bordo especies distintas ás específicas do cebo morto.

11. As asociacións pesqueiras e de armadores colaborarán coas administracións pesqueiras para evitar a venda de carnada e a introdución de inmaturos no mercado mediante venda de cebo vivo. Para tales efectos, elevarán control documental das capturas destinadas a carnada e almacenadas nas súas instalacións, e estará dispoñible para as autoridades de inspección cando sexa requirida.

Sección 4.^a Artes de trampa

Artigo 11. *Características técnicas das artes de trampa.*

1. Nasas para peixes: as nasas terán como máximo 110 centímetros de altura e 390 centímetros de diámetro. A malla terá que ser degradable e a luz de malla mínima de 50,8 mm. Non obstante, para nasas pequenas que non excedan os 100 centímetros de diámetro e 50 de altura, admítese unha luz de malla mínima de 31,6 milímetros.

O número máximo de nasas autorizadas por embarcación será de 30; non obstante, e transitoriamente ata o 1 de xaneiro de 2019, permitirase unha cantidade máxima de 75 nasas na illa de Gran Canaria e 40 na illa de Lanzarote.

A profundidade mínima para fondear nasas é de 18 metros.

2. Tambores para morea: as dimensións máximas autorizadas serán de 60 cm de diámetro e 100 cm de altura. O número máximo de tambores por embarcación será de 25, salvo en El Hierro, que será de 10.

3. Estas características técnicas, así como o número de nasas, poderán ser revisadas e modificadas se o dito cambio é avalado por estudos científicos que avalíen o impacto que producen estas artes tanto no recurso como nos hábitats sensibles. Os ditos eventuais estudos deberán ser remitidos á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura

para que esta poida poñelos á disposición do Instituto Español de Oceanografía para a súa avaliación.

Artigo 12. *Control das nasas.*

1. Só se poderán dedicar á pesca con nasas aquelas embarcacións que no momento de publicarse esta orde o viñesen facendo cunha anterioridade de, polo menos, dez anos; a estas concederáselles un prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta orde para que cada armador formule unha declaración responsable, que será presentada na respectiva confraría de pescadores, e esta será quen llo comunique á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura.

Tamén poderán usar esta arte os barcos cunha antigüidade menor de dez anos no uso de nasas que sexan froito dun expediente de nova construción en que se achegase un buque de baixa con cuxo cómputo se cumpra esa antigüidade de polo menos dez anos no uso de nasas.

Aqueles que non presentasen a citada declaración responsable no mencionado prazo de tres meses terán prohibido faenar con esta arte.

Na dita declaración indícaranse:

- a) Nome do barco.
- b) Matrícula e código de frota operativo.
- c) Número de nasas que está utilizando.
- d) Dimensións das nasas.
- e) Zona e profundidade onde habitualmente pesca con elas.

En caso de perda dalgunha nasa por algún barco, este notificarallo á confraría de pescadores correspondente para que, pola súa vez, esta llelo notifique ás autoridades de inspección, que poderán autorizar a substitución da nasa perdida por outra, o que tamén dará lugar á presentación doutra declaración responsable.

2. Créase na Secretaría Xeral de Pesca o Rexistro de Nasas do Caladoiro Nacional de Canarias, e é obrigatorio para todos os titulares dos buques que vaian pescar con este aparello estaren inscritos nel.

O rexistro confeccionarase cos datos resultantes das declaracións responsables previstas no punto anterior.

O rexistro será actualizado pola Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura cada ano antes do 15 de febreiro.

Os barcos que se dean de baixa por seren achegados en expedientes de nova construción serán substituídos no Rexistro polo novo barco, o cal deberá actualizar a placa de identificación das nasas prevista no número 3.

3. As nasas identificaranse cunha placa na cal figurará a seguinte información:

- a) Número de código operativo (CFO) e nome do buque que faena con esas nasas.
- b) En función da illa a que pertenza o porto base de cada barco, identificarase a nasa coas seguintes siglas: TF (Tenerife), PAL (La Palma), GC (Gran Canaria), FUE (Fuerteventura), LAN (Lanzarote).
- c) Número individual de cada unha das nasas, que será correlativo ata o número máximo de nasas que leve o barco.

4. Anualmente poderanse establecer normas máis detalladas para o control das nasas a través de resolución da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 13. *Restricións para a pesca con nasas para peixes.*

1. Queda prohibida a pesca con nasas para peixes nas augas exteriores das zonas que seguidamente se sinalan:

- a) Illa de Fuerteventura, sen prexuízo do plan de pesca contido no anexo I.

b) Illas de Lanzarote e La Graciosa: prohíbese en El Río: zona delimitada polas liñas que unen Punta Pedro Barba (La Graciosa) con Punta Fariones (Lanzarote) e Punta del Pobre (La Graciosa) con Punta Guinate (Lanzarote).

c) Illa de La Gomera.

d) Illa de El Hierro.

2. No resto de zonas do caladoiro non citadas neste artigo e que estean dentro dos límites dunha reserva mariña, teranse en conta as limitacións ao uso de nasas que existan nesa reserva.

Sección 5.^a Artes de enmalle

Artigo 14. *Características técnicas das artes de enmalle.*

1. A profundidade mínima para calar as artes de enmalle será de 25 metros e estará prohibido cerrar baías e *caletóns*. Nas illas de La Palma e Tenerife autorízase o calado a unha profundidade mínima de 15 metros. Os elementos para fondear a arte terán o peso suficiente para que a arte non derive.

2. Trasmallo: a dimensión mínima das mallas dos panos exteriores será de 400 mm e de 82 mm no pano interior (medida a dita distancia entre nós opostos da malla, mediante o paso non forzado dun calibrador, coa arte usada, estirada e mollada).

De maneira excepcional, na illa de Tenerife permitirase unha dimensión mínima de malla no pano interior de 50 mm exclusivamente para pesca de salmonete de rocha (*Mullus surmuletus*) nos meses de febreiro, marzo, setembro e outubro.

Cada unha das pezas de rede que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 72 metros e unha altura máxima de 2 metros. A lonxitude máxima total da arte medida de puño a puño non poderá superar os 360 metros. O número máximo de panos permitidos para cada embarcación será de 5 no caso de que se calen de maneira independente.

3. Volanta: a dimensión mínima das mallas do pano será de 82 mm. Cada peza terá unha lonxitude máxima de 72 metros e a lonxitude máxima total da arte medida de puño a puño non poderá superar os 360 metros. O número máximo de panos permitidos para cada embarcación será de 5 no caso de que se calen de maneira independente.

Artigo 15. *Zonas autorizadas para a pesca con artes de enmalle.*

A práctica da pesca coas artes de enmalle será excepcional e non se poderá calar esta arte a máis de 200 metros de profundidade, de acordo co disposto no artigo 30.5 do Regulamento (CE) n.º 850/1998 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.

Só se poderá realizar nas augas exteriores das zonas e épocas que seguidamente se indican coa arte en concreto que se sinala.

1. Illa de Gran Canaria. Só se poderá calar volanta:

a) Zona de Arguineguín: desde Punta de Maspalomas (27° 43' 49" N; 15° 34' 09" W) ata a praia da Verga (27° 46' 42" N; 15° 42' 48" W), a unha distancia non inferior a 2 millas desde a costa cunha profundidade de 18 metros.

b) Desde Roque de Gando (28° 03' 11" N) ata Punta Jinámar (28° 01' 34" N) cunha profundidade de 18 metros.

c) Zona de Agaete: desde a baixa de El Negro (28° 05' 18" N; 15° 42' 33" W) ata El Molino (28° 06' 59" N; 15° 42' 48" W), durante os meses de maio ata setembro.

2. Illa de Tenerife:

a) Trasmallo: durante os meses de febreiro a outubro na zona de Candelaria entre os seguintes puntos: desde 28° 23,960 N; 16° 20,844 W (Punta del Morro) ata 28° 07,999 N; 16° 26,948 W (enseada de Abades).

- b) Volanta: nos meses de outubro, novembro e decembro en San Andrés.
3. Illa de La Palma: trasallo desde o 14 de abril ata o 14 de outubro en toda a illa salvo na zona de Fuencaliente –desde Punta del Hombre a Punta del Viento–, onde queda prohibido durante todo o ano.

Sección 6.^a Palangre de fondo

Artigo 16. Características técnicas do palangre de fondo.

1. A lonxitude máxima dos palangres non poderá ser superior a 2.000 metros. O número máximo de anzois nos palangres non superará os 500. As embarcacións que practiquen a pesca de palangre poderán ter a bordo, como máximo, 1.000 anzois preparados para a súa utilización, dos cales unicamente 500 poderán estar pescando simultaneamente.
2. O palangre de fondo balizarase de acordo co establecido no Regulamento de execución (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común.
3. Cando o palangre se utilice por fóra das 12 millas, deberase balizar de acordo co anexo IV do dito regulamento. Se se utiliza dentro das 12 millas, deberase facer conforme os seus artigos 11 e 12.

CAPÍTULO III

Regulación das capturas

Artigo 17. Cambios temporais de modalidade.

1. A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira da Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá autorizar cambios temporais de modalidade de atuneiros caneiros que se dedican exclusivamente á pesca de túnidos con canas con cebo vivo e liñas (liñas de man) a artes menores, de acordo cos modalidades aprobadas no artigo 3.
2. As solicitudes dirixiranse ao director xeral de Ordenación Pesqueira da Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e presentaranse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como electronicamente conforme se establece na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e deberán reflectir, polo menos, o nome e o enderezo do titular do buque; o nome, matrícula e folio do buque; e a modalidade de pesca solicitada.
3. Será preceptivo un informe previo e non vinculante da Comunidade Autónoma de Canarias, que se deberá emitir no prazo de sete días. En caso de non emitirse en tal prazo, poderanse proseguir as actuacións.
4. O director xeral de Ordenación Pesqueira autorizará motivadamente, en función do estado dos recursos ou necesidades de regulación do caladoiro, os cambios temporais de modalidade de pesca para períodos de tempo de tres meses prorrogables por outros tres, sempre dentro do ano natural, mediante resolución que será ditada e notificada aos interesados nos termos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de vinte días. Transcorridos dous meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación sen que se notificase a resolución expresa, poderase entender desestimada.

5. Cando a autorización temporal supoña cambio de porto base, esta débese suxeitar ao disposto na normativa reguladora do establecemento e cambio de porto base dos buques pesqueiros.

6. A resolución que recaia non pon fin á vía administrativa e contra ela poderase recorrer en alzada en virtude do artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o secretario xeral de Pesca.

Artigo 18. *Topes de capturas.*

Para as especies e embarcacións obxecto desta orde poderanse establecer, oído o sector, topos de capturas ou desembarques diarios ou semanais cuxa cantidade se determinará mediante resolución do secretario xeral de Pesca.

Os ditos topos poderán afectar todo o caladoiro ou ben algunha illa en particular.

Artigo 19. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do disposto nesta orde sancionárase conforme o establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Artigo 20. *Seguimento e avaliación do plan.*

Para os efectos de verificar os resultados da aplicación do plan de xestión, cinco anos despois da súa entrada en vigor serán analizados os seus resultados a partir das oportunas campañas de avaliación e seguimento por parte da Secretaría Xeral de Pesca e dos oportunos informes científicos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes normas:

Orde do 4 de febreiro de 1987 pola que se amplía o prazo para a confección do censo de artes de pesca en augas do caladoiro canario, de acordo co Real decreto 2200/1986, do 19 de decembro.

Orde do 20 de xaneiro de 1995 pola que se prohíbe o uso de nasas para peixes en determinada zona do caladoiro canario.

Orde do 26 de marzo de 1998 pola que se establecen determinadas zonas reservadas para certas modalidades pesqueiras en augas do arquipélago de Canarias.

Orde APA/2586/2002, do 11 de outubro, pola que se regula a pesca na modalidade de «ao puyón» en determinada zona do caladoiro nacional das illas Canarias.

Orde APA/677/2004, do 5 de marzo, pola que se regula a pesca con artes de cerco no caladoiro nacional de Canarias.

Orde AAA/948/2013, do 22 de maio, pola que se establece un plan de pesca con artes de trampa en augas exteriores da illa de Fuerteventura.

Así mesmo, quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde ARM/1683/2011, do 2 de xuño, pola que se regulan os ficheiros con datos de carácter persoal xestionados polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.*

A Orde ARM/1683/2011, do 2 de xuño, pola que se regulan os ficheiros con datos de carácter persoal xestionados polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, modifícase ao introducir un novo ficheiro «Rexistro de Nasas do Caladoiro Nacional de Canarias» no anexo I, epígrafe Secretaría Xeral de Pesca, coa seguinte redacción:

«Ficheiro «Rexistro de Nasas do Caladoiro Nacional de Canarias»:

- a) Identificación do ficheiro: indicaranse a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e dos usos previstos.
- a.1) Identificación do ficheiro: Rexistro de Nasas do Caladoiro Nacional de Canarias.
- a.2) Finalidade e usos previstos: xestión das nasas autorizadas para a pesca marítima exterior no caladoiro nacional canario.
- b) Orixe dos datos: indicaranse o colectivo de persoas sobre as cales se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigadas a subministralos, o procedemento de recollida dos datos e a súa procedencia.
- b.1) Colectivo: persoas físicas ou xurídicas relacionadas co sector pesqueiro que faenen con nasas no caladoiro nacional canario.
- b.2) Procedencia: o interesado ou o seu representante legal.
- c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización.
- c.1) Estrutura: número de nasas autorizadas e illa, código operativo (CFO) e nome do buque que faena con esas nasas, armador ou propietario (os simplemente identificativos e os relacionados coa titularidade do correspondente buque).
- c.2) Sistema de tratamento: automatizado.
- d) Comunicacions dos datos previstas, nas cales se indiquen, de ser o caso, os destinatarios ou as categorías de destinatarios e a lexislación aplicable: non hai previstas.
- e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países, con indicación, de ser o caso, dos países de destino dos datos: non hai previstas.
- f) Órganos responsables do ficheiro: Secretaría Xeral de Pesca.
- g) Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral de Pesca. Rúa Velázquez, 144. 28006 Madrid.
- h) Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte exixible de acordo co establecido no título VIII do RLOPD: medio.»

Disposición derradeira segunda. *Tamaños mínimos.*

Para a regulación de especies e tamaños mínimos no caladoiro de Canarias observárase o disposto no Real decreto 560/1995, do 7 de abril, polo que se establecen os tamaños mínimos de determinadas especies pesqueiras, en concreto no seu anexo III.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de decembro de 2015.

Madrid, 30 de novembro de 2015.—A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.

ANEXO I

Plan de pesca con artes de trampa en augas exteriores da illa de Fuerteventura.

1. Ámbito de aplicación.

As normas contidas neste plan de pesca serán de aplicación aos buques españois que exerzan a pesca con artes de trampa nas augas exteriores do caladoiro nacional de Canarias situadas ao leste da illa de Fuerteventura exclusivamente nalgunha das seguintes zonas:

- a) Zona 1 (Morro Jable): entre os paralelos 28° 03' N e 28° 05' N.
- b) Zona 2 (Gran Tarajal): entre os paralelos 28° 25' N e 28° 10' N.
- c) Zona 3 (Corralejo): entre os paralelos 28° 38' N e 28° 10' N.
- d) Zona 4: exclusivamente para tambores para morea entre os paralelos 28° 43,8' N, ao nordés de Fuerteventura e o 28° 40,59' N ao noroeste de Fuerteventura (á altura de El Cotillo).

2. Artes recollidas no plan de pesca.

Na zona definida no punto anterior poderase exercer a pesca coas seguintes artes de trampa:

- a) Tambores para moreas.
- b) Nasas para peixes, mediante permiso especial de pesca para o efecto.

No resto das augas exteriores da illa de Fuerteventura, queda prohibida a utilización de calquera tipo de artes de trampa dirixidas á captura de peixes.

3. Buques autorizados para o exercicio da pesca con nasas para peixes.

O número máximo de embarcacións que poderán exercer a pesca con nasas para peixes será de 73. A distribución destas embarcacións por porto base será a seguinte:

- a) Corralejo: 27 buques.
- b) Gran Tarajal: 35 buques.
- c) Morro Jable: 11 buques.

Cada ano, con polo menos quince días de antelación ao comezo da pesca, as confrarías de pescadores dos tres portos mencionados deberán remitir á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira a listaxe dos buques que pretenden exercer a pesca, co obxecto de que o centro directivo citado expida os correspondentes permisos especiais de pesca.

4. Características técnicas das artes.

a) As características técnicas das artes reguladas por este plan de pesca serán as seguintes:

1.º Tambores para moreas: as dimensións máximas autorizadas serán de 60 cm de diámetro e 100 cm de altura.

2.º Nasas para peixes: as dimensións máximas autorizadas serán de 200 cm de diámetro e 60 cm de altura. A malla mínima autorizada será de 31,6 mm.

b) En todo caso, os materiais das mallas de que estean constituídas as trampas deberán ser degradables.

5. Condicións de utilización das artes.

a) Os tambores para moreas poderán ser cebados. Polo contrario, no caso das nasas para peixes queda prohibido que se ceben.

b) Os períodos autorizados para o exercicio da pesca cos distintos tipos de artes de trampa, os fondos autorizados para a súa utilización e o número máximo de trampas por embarcación serán os seguintes:

1.º Tambores para moreas: a pesca con esta arte poderase practicar exclusivamente no período comprendido entre o 1 de setembro e o 1 de novembro. Os fondos autorizados serán os comprendidos entre os 5 e os 20 m de profundidade. O número máximo de tambores por embarcación será de 15.

2.º Nasas para peixes: a pesca con esta arte poderase practicar exclusivamente no período comprendido entre o 1 de novembro e o 30 de abril. Os fondos autorizados serán os comprendidos entre os 18 e os 45 m de profundidade. O número máximo de nasas por embarcación será de 12. Non obstante, os barcos do porto de Gran Tarajal non poderán ter entre todos máis de 336 nasas.

No caso de que eventualmente se autorice un maior número de buques con licenza para adherirse a este plan dos establecidos no número 3, o número total de nasas para todos os barcos manterase estable en 792.

6. Tamaños mínimos.

Con independencia dos tamaños mínimos establecidos na normativa xeral, no ámbito deste plan de pesca non se poderá capturar, manter a bordo nin comercializar polbo con peso unitario inferior a 1 kg.

7. Avaliación.

A concesión dos permisos temporais de pesca necesarios para faenar conforme este plan vincularase á efectiva transmisión de información sobre capturas do último período de pesca á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura, de forma que esta os poida remitir ao Instituto Español de Oceanografía para que poida facer as correspondentes avaliacións.

A dita información deberá ser remitida antes do 20 de maio de cada ano e deberá conter a seguinte información:

Nome do barco.

Matrícula e CFO.

Porto base.

Informe das capturas feitas en kg de peso vivo, en que se especifiquen a especie capturada e a zona en que se capturou.

En función dos resultados da avaliación que faga o Instituto Español de Oceanografía sobre a aplicación do plan, a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura podería aprobar modificacións a este.

ANEXO II

Zonas reservadas en El Hierro e Fuerteventura para a pesca con determinadas artes, aparellos e útiles

1. As zonas a que se restrinxe a pesca con determinadas artes, aparellos e útiles son:

a) Augas exteriores da illa de El Hierro comprendidas no interior do polígono delimitado polos seguintes puntos:

a) 28° 00 ' N, 18° 15 ' W.

b) 28° 00 ' N, 17° 50 ' W.

c) 27° 30 ' N, 18° 15 ' W.

d) 27° 30 ' N, 17° 50 ' W.

b) Augas exteriores da illa de Fuerteventura comprendidas no interior do polígono delimitado polos seguintes puntos:

- a) 28° 47 ' N, 14° 5,5 ' W.
 - b) 28° 47 ' N, 13° 38,7 ' W.
 - c) 28° 08 ' N, 13° 47', 7 ' W.
 - d) 27° 53 ' N, 14° 31,8 ' W.
 - e) 27° 51,9 ' N, 14° 54 ' W.
 - f) 28° 21,5 ' N, 14° 54 ' W.
 - g) 28° 23 ' N, 14° 25 ' W.
2. Artes, aparellos e útiles autorizados para a pesca nas zonas delimitadas no punto anterior:
- a) Artes de cerco:
 - 1.º Traíña ou sardiñal (na illa de El Hierro, exclusivamente se poderá usar esta arte para a captura de xurelo (*Trachurus spp*), xarda (*Scomber colias*) e sardiña de lei (*Sardiña pilchardus*), cun tope de 200 kg por embarcación e día e para a captura de cebo vivo e morto).
 - 2.º Chinchorro de aire ou hamaca (exclusivamente na illa de Fuerteventura).
 - 3.º *Salemera*. Na illa de Fuerteventura, exclusivamente para a captura de saboga (*Sarpa salpa*) en determinadas datas con aviso previo. Na illa de El Hierro só se poderá usar esta arte entre La Caleta ata Baja Nación pola zona sur da illa, e exclusivamente nos meses de marzo, abril, maio, setembro, outubro e novembro.
 - b) Aparellos de anzol:
 - 1.º Liña, cana ou cordel.
 - 2.º Corrica.
 - 3.º Liña ou amaño para pesca do alto.
 - 4.º *Puyón*.
 - c) Trampas:
 - 1.º Tambor para moreas (na illa de El Hierro e cun máximo de dez por embarcación).
 - 2.º *Pandorga*, *gueldera* ou *tarralla* (só para a captura de carnada, a rede pode ser metálica ou de fío e a luz de malla mínima non poderá ser inferior a 10 mm).
 - d) Útiles: vara para peto.
3. Se calquera das zonas ou illas definidas neste anexo está incluída en todo ou en parte nunha reserva mariña, primarán as limitacións que nesa reserva haxa para o exercicio pesqueiro respecto de calquera das artes aquí incluídas.

ANEXO III

Excepcións relativas á utilización dalgunhas artes e dalgúns aparellos e útiles de pesca

1. En La Palma: permítese o uso da *salemera* nos meses de xaneiro, febreiro, xuño, xullo e agosto para aquelas embarcacións expresamente autorizadas, logo de solicitude da confraría de pescadores. Para isto, na segunda quincena de decembro e segunda quincena de maio, esa confraría deberá comunicar á dependencia da Área Funcional de Agricultura e Pesca da Subdelegación do Goberno en Santa Cruz de Tenerife a listaxe de barcos autorizados para cada un dos períodos.
2. Prohíbese a arte da *salemera* na illa de Gran Canaria.
3. Prohíbese o uso do palangre de fondo e o trasmallo na illa de La Gomera.

ANEXO IV

Barcos de artes menores con lonxitude maior de 18 metros

Hermanos Valdivia Dos (CFO: 25878).